

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO DÍA 9 DE XULLO DE 2007

Sres. asistentes:

SR.ALCALDE – PRESIDENTE EN FUNCIÓNS.

DON JESÚS VEIGA SABÍN (PP)

SRES.CONCELLEIROS PRESENTES.-

DONA MARÍA ROSARIO MANSO LÓPEZ (PP)

DON ANTONIO BERNARDO LÓPEZ (PP)

DON FRANCISCO REY MALLO (PP)

DONA TANIA MARIA RUANOVO SUAREZ (PP)

DONA EVA MARIA VILARIÑO GONZALEZ (PP)

DON MANUEL MONTERO ANIDO(PSOE)

DONA EMMA GONZALEZ ALVAREZ (PSOE)

DON JUAN MANUEL BECEIRO CABEZAL (PSOE)

DON JOSE MARIA LAYA CARRIL (TEGA)

DON ANTONIO CORTIZAS RODRÍGUEZ (ASI - MIÑO)

DONA ROSA MARIA MASEDA GONZALEZ (BNG)

SR.SECRETARIA MUNICIPAL.-

ALEJANDRA RODRÍGUEZ MENÉNDEZ

SR. INTERVENTORA MUNICIPAL.-

MARTA ROCA NAVEIRA

No Local habilitado para Salón de Plenos no Local Social da Rúa de Miño ás trece horas e trinta minutos do día 9 de xullo de 2007, reúnense os Sres. concelleiros que se acaban de citar, co obxecto de realizar a sesión extraordinaria do Pleno municipal segundo a seguinte orde do día:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (22 – 06 - 2007).-

Distribuíndose ós Sres. concelleiros da Corporación copia do borrador da acta do Pleno correspondente ao día 22 xuño de 2007, o Sra. Rosa María Maseda manifesta que na mesma acta figura como concelleiro ausente e que ela asistiu á sesión plenaria, polo que queda aprobada a acta correspondente ó día 22 de xuño de 2007 coa corrección exposta por unanimidade dos presentes.

2.- EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 4/2007.-

Dáse conta do ditame da Comisión Especial de Contas e Facenda, no que se establece:

“ Pola secretaria municipal dáse conta da seguinte proposta de Alcaldía:

A Alcaldía propón á Comisión de Facenda, que por esta se ditamine favorablemente o expediente de concesión de suplemento de crédito, e se propoña ó Pleno do Concello a adopción de acordo, con fundamento na seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Na memoria adxunta ó expediente, expóñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.-

Vistos os informes e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sométese ó ditame desta Comisión a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

1º. Aproba-lo expediente nº 04/2007 de Suplemento de Créditos por un importe global de 349.661,82 € financiado con remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, conforme ó seguinte detalle:

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE (€)
---------	--------------	-------------

432/632.00 Urbanismo e arquitectura. Investimento de reposición asociada ó funcionamento operativo dos servizos. Edificios e outras construcións.	349.661,82 €
TOTAL	349.661,82 euros

En todo caso, a aprobación do presente expediente quedará condicionada á condición suspensiva de aprobación definitiva do expediente de anulación parcial do crédito extraordinario 01/07 por importe de 193.531,40 euros.

2º.- Financia-lo expediente nº 04/2007 de suplementos de créditos mediante remanente líquido de Tesourería para gastos xerais.

3º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do RDL2/2004, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do apartado 1 do presente acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no taboleiro de edictos deste Concello.

4º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións contra o presente expediente nin contra o expediente de anulación parcial do crédito extraordinario 01/07 ó que se atopa condicionado suspensivamente.”

A continuación ábrese a primeira rolda de intervencións:

Polo PSOE, a súa voceira, dona Emma González, manifesta que o seu grupo vai votar en contra por considerar que non se lles facilitou a información en forma legal nin en prazo, e por conseguinte, ó non dispoñer de toda a información necesaria, van votar en contra.

Polo equipo de goberno, o Sr. alcalde manifesta que considera que o grupo socialista dispón de toda a información necesaria e recomenda a lectura da Lei reguladora das facendas locais.

Sometida a proposta de Alcaldía a votación obtense o seguinte resultado: 7 votos a favor do PP, e ASI – MIÑO; 3 votos en contra do PSOE.

Queda ditaminada favorablemente a proposta de Alcaldía relativa ó expediente de crédito 4/2007, por maioría absoluta.”

A continuación ábrese a primeira rolda de intervencións:

Polo PSOE, a súa voceira dona Emma González expón que o seu grupo vai votar en contra no punto dous, no punto tres e no punto catro polos motivos que se expoñen a continuación. Polo que respecta ó punto dous quere poñer de manifesto que o seu grupo xa votou en contra na correspondente comisión informativa por considerar que non se lles facilitou a información relativa ós convenios urbanísticos de cesión do 10% do aproveitamento urbanístico, e que por conseguinte non poden facer unha valoración destes, debendo de estar na actualidade a cesión do 10% moi xustificada, carecendo de dito dato. Por outra banda consideran que na comisión do pasado xoves non se tratou correctamente este punto, xa que non se falou nin da piscina, nin das fontes nin dos lavadoiros, e que eles consideran que sendo tan importante a contribución do Concello para a construción da piscina é un tema do que non se pode falar alegremente xa que o pode levar á quebra, sobre todo tendo en conta que as previsións de ingresos son todas a través de convenios urbanísticos. En canto ó punto tres queren saber se as obras se van levar ou non a cabo e en caso afirmativa cándo, xa que non teñen os datos do Orzamento do ano 2007. Finalmente polo que respecta ó punto catro tamén van votar en contra polo mesmo motivo, e por último queren sinalar que de acordo co ROF os ditames das comisións informativas son preceptivos e non vinculantes e por esa razón consideran que é axeitado que poidan emitir o voto en contra.

Polo BNG, a súa voceira dona Rosa María Maseda expón que vai votar en contra porque considera excesivo o endebedamento no que se está metendo ó Concello, seguindo a liña dos anos anteriores, e que nos puntos tres e catro se reitera.

Sometida a proposta de acordo a votación obtense o seguinte resultado:7 votos a

favor do PP e ASI – MIÑO, 4 votos en contra do PSOE e BNG, 1 abstención de TEGA. Queda aprobada a proposta de acordo relativa ó expediente de suplemento de crédito 4/2007 por maioría absoluta.

3.- EXPEDIENTE DE ANULACIÓN PARCIAL DO CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2007.-

Dáse conta do ditame da Comisión Especial de Contas e Facenda, no que se establece:

“Pola secretaria municipal dáse conta da seguinte proposta de Alcaldía:

Propónse á Comisión de Facenda, que por esta se ditamine favorablemente o expediente de anulación parcial do crédito extraordinario nº 01/2007, e se propoña ó Pleno do Concello a adopción de acordo, con fundamento na seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Na memoria adxunta ó expediente, expóñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Visto o informe e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sometese a esta Comisión a seguinte

PROPOSTA:

1º. Ditaminar **favorablemente** o expediente de anulación parcial do crédito extraordinario nº 01/2007 por un importe global de 193.531,40 €, conforme ó seguinte detalle:

AS partidas afectadas polo expediente, son as seguintes:

Partidas:

PARTIDA	CONCEPTO	IMPORTE
511/601.00	Estradas, camiños e vías públicas urbanas. Investimento novo en infraestruturas e bens dedicados ó uso xeral	35.515,41 €
511/601.01	Estradas, camiños e vías públicas urbanas. Investimento novo en infraestruturas e bens dedicados ó uso xeral	8.511,65 €
432/601.00	Urbanismo e arquitectura. Investimento novo en infraestruturas e bens dedicados ó uso xeral	1.483,01 €
432/601.01	Urbanismo e arquitectura. Investimento novo en infraestruturas e bens dedicados ó uso xeral	1.519,48 €
432/601.02	Urbanismo e arquitectura. Investimento novo en infraestruturas e bens dedicados ó uso xeral	1.777,40 €
432/601.03	Urbanismo e arquitectura. Investimento novo en infraestruturas e bens dedicados ó uso xeral	1.698,42 €
432/611.03	Urbanismo e arquitectura. Investimento de reposición en infraestruturas e bens dedicados ó uso xeral	240,59 €
432/601.04	Urbanismo e arquitectura. Investimento novo en infraestruturas e bens dedicados ó uso xeral	1.992,68 €
432/601.05	Urbanismo e arquitectura. Investimento novo en infraestruturas e bens dedicados ó uso xeral	2.007,71 €
432/601.06	Urbanismo e arquitectura. Investimento novo en infraestruturas e bens dedicados ó uso xeral	2.229,28 €
432/601.07	Urbanismo e arquitectura. Investimento novo en infraestruturas e bens dedicados ó uso xeral	2.054,44 €
432/601.08	Urbanismo e arquitectura. Investimento novo en infraestruturas e bens dedicados ó uso xeral	2.125,36 €
432/601.09	Urbanismo e arquitectura. Investimento novo en infraestruturas e bens dedicados ó uso xeral	2.060,90 €
432/601.10	Urbanismo e arquitectura. Investimento novo en infraestruturas e bens dedicados ó uso xeral	2.022,52 €

432/601.11	Urbanismo e arquitectura. Investimento novo en	2.200,68 €
	infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
432/601.12	Urbanismo e arquitectura. Investimento novo en	2.024,42 €
	infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
432/601.13	Urbanismo e arquitectura. Investimento novo en	134,72 €
	infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
511/611.02	Estradas, camiños e vías pública urbanas.	50,54 €
	Investimento de reposición en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
511/611.03	Estradas, camiños e vías pública urbanas.	51,40 €
	Investimento de reposición en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
511/611.04	Estradas, camiños e vías pública urbanas.	54,24 €
	Investimento de reposición en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
511/611.05	Estradas, camiños e vías pública urbanas.	16.430,00 €
	Investimento de reposición en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
511/611.06	Estradas, camiños e vías pública urbanas.	53,84 €
	Investimento de reposición en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
511/611.07	Estradas, camiños e vías pública urbanas.	2,87 €
	Investimento de reposición en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
511/611.08	Estradas, camiños e vías pública urbanas.	0,07 €
	Investimento de reposición en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
511/611.09	Estradas, camiños e vías pública urbanas.	5,37 €
	Investimento de reposición en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
511/611.10	Estradas, camiños e vías pública urbanas.	9,98 €
	Investimento de reposición en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
511/611.11	Estradas, camiños e vías pública urbanas.	4,48 €
	Investimento de reposición en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
511/611.12	Estradas, camiños e vías pública urbanas.	53,37 €
	Investimento de reposición en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
511/611.13	Estradas, camiños e vías pública urbanas.	8,22 €
	Investimento de reposición en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
511/611.14	Estradas, camiños e vías pública urbanas.	52,85 €
	Investimento de reposición en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
511/611.15	Estradas, camiños e vías pública urbanas.	513,37 €
	Investimento de reposición en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
511/611.16	Estradas, camiños e vías pública urbanas.	0,41 €
	Investimento de reposición en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
511/601.04	Estradas, camiños e vías pública urbanas.	6,37 €
	Investimento novo en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral	
432/632.01	Urbanismo e arquitectura. Investimento de	9.847,97 €
	reposición asociada ó funcionamento operativo dos servizos. Edifícios	

432/632.02	Urbanismo e arquitectura. Investimento de130,45 € reposición asociada ó funcionamento operativo dos servizos. Edifícios
432/632.03	Urbanismo e arquitectura. Investimento de2.913,06 € reposición asociada ó funcionamento operativo dos servizos. Edifícios
432/611.04	Urbanismo e arquitectura. Investimento de292,76 € reposición en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral
432/601.15	Urbanismo e arquitectura. Investimento novo en210,00 € infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral
432/611.05	Urbanismo e arquitectura. Investimento de800,00 € reposición en infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral
432/601.16	Urbanismo e arquitectura. Investimento novo en261,11 € infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral
432/601.14	Urbanismo e arquitectura. Investimento novo en92.180,00 infraestrutura e bens dedicados ó uso xeral
TOTAL	193.531,40 €

2º.-De conformidade, analoxicamente, co establecido no artigo 177.2 do Texto refundido 2/2004 da Lei Reguladora das facendas locais, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no taboleiro de edictos deste Concello.

3º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións.”

Polo PSOE, a súa voceira, dona Emma González, manifesta que agradecería que se evitasen os ataques persoais.

Sometida a proposta de Alcaldía a votación obtense o seguinte resultado: 8 votos a favor do PP, TEGA e ASI – MIÑO; 3 abstencións do PSOE.

Queda ditaminada favorablemente a proposta de alcaldía relativa ó expediente de anulación parcial do crédito extraordinario 1/2007, por maioría absoluta.”

Sometida a proposta de acordo a votación obtense o seguinte resultado:7 votos a favor do PP e ASI – MIÑO, 4 votos en contra do PSOE e BNG, 1 abstención de TEGA. Queda aprobada a proposta de acordo relativa ó expediente de anulación parcial de crédito 1/2007 por maioría absoluta.

4.- EXPEDIENTE DE BAIXA POR ANULACIÓN 1/2007.-

Dáse conta do ditame da Comisión Especial de Contas e Facenda, no que se establece:

“Pola secretaria municipal dáse conta da seguinte proposta de Alcaldía:

Proponse á Comisión de Facenda, que pola mesma se dictamine favorablemente o expediente de concesión de baixa por anulación de créditos nº 1/2007, e se propoña ó Concello Pleno a adopción de acordo, con fundamento na seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Na memoria adxunta ó expediente,expóñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Visto o informe e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sometese a esta Comisión a seguinte

PROPOSTA:

1º. Ditaminar **favorablemente** o expediente nº 01/2007 de baixa por anulación de créditos e previsións iniciais de ingreso por un importe global de 726.000,00 €, conforme ó seguinte detalle:

<u>PARTIDA</u>	<u>PREVISIÓN INICIAL</u>	<u>IMPORTE</u>
432/632.00	397.00	349.661,82 €
452/622.00	397.00	346.015,06 €
432/600.00	397.00	30.323,12 €
TOTAL		726.000,00€“

Sometida a proposta de Alcaldía a votación obtense o seguinte resultado: 8 votos a favor do PP, TEGA e ASI – MIÑO; 3 abstencións do PSOE.

Queda ditaminada favorablemente a proposta de alcaldía relativa ó expediente de baixa por anulación 1/2007, por maioría absoluta.”

Sometida a proposta de acordo a votación obtense o seguinte resultado:7 votos a favor do PP e ASI – MIÑO, 4 votos en contra do PSOE e BNG, 1 abstención de TEGA. Queda aprobada a proposta de acordo relativa ó expediente de baixa por anulación 1/2007 por maioría absoluta.

5.- ADHESIÓN Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS EN MATERIA DE SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN DE CARÁCTER TRIBUTARIO ÁS ENTIDADES LOCAIS.

Dáse conta do ditame da Comisión Especial de Contas e Facenda, no que se establece:

“Dáse conta do Convenio de Colaboración entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincias en materia de subministro de información de carácter tributario ás entidades locais.

Sometida a adhesión ó dito convenio ó ditame da Comisión Informativa de Contas e Facenda obtense o seguinte resultado: 11 votos a favor do PP, PSOE, ASI – MIÑO e TEGA.

Queda ditaminada favorablemente a adhesión ó Convenio de Colaboración entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincias en materia de subministro de información de carácter tributario ás entidades locais por unanimidade dos presentes.”

Sometido o ditame a votación obtense o seguinte resultado: 12 votos a favor do PP, PSOE, BNG, ASI – MIÑO e TEGA.

Queda aprobada a adhesión ó Convenio de Colaboración entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincias en materia de subministro de información de carácter tributario ás entidades locais por unanimidade dos presentes.

6.- CAMBIO DE DENOMINACIÓN DA ENTIDADE SINGULAR DE POBOACIÓN “COSTA ANÁCARA”.-

Dáse conta do ditame da Comisión Especial de Contas e Facenda, no que se establece:

“Dáse conta do acordo adoptado polo Pleno municipal na sesión do 21 de decembro relativo á alta de novo entidade singular de poboación e denominación das rúas en Perbes e Vilanovo, como consecuencia da formación dun novo núcleo urbano que comprende parte das parroquias de Perbes e Vilanovo, claramente diferenciado das entidades próximas, denominando á entidade singular de poboación “Costa Anácara”.

Pola Alcaldía propónse a cambio de denominación da entidade singular de poboación de “Costa Anácara” a “Costa Miño”.

A continuación ábrese a primeira rolda de intervencións:

Polo PSOE, o Sr. Beceiro manifesta que lle gustaría que o cambio de denominación fora consensuado por todos o grupos políticos e que lle gustaría saber cal é motivo do cambio de denominación.

Polo equipo de goberno, o Sr. alcalde manifesta que pola empresa construtora se está facendo publicidade do campo de golf en toda España, e que o cambio de denominación suporá que o nome do Concello de Miño sexa coñecido en toda a península, que considera que o cambio de denominación é unha forma de facer publicidade do Concello.

Sometida a proposta a votación obtense o seguinte resultado: 8 votos a favor do PP, TEGA e ASI – MIÑO; 3 abstencións do PSOE.-Queda ditaminado favorablemente o cambio de denominación da entidade singular de poboación por maioría absoluta”.

A continuación ábrese a primeira rolda de intervencións:

Polo PSOE, a súa voceira dona Emma González manifesta que o partido socialista estaría de acordo co cambio de denominación, pero o feito de que a alcaldía xa fixera os anuncios do cambio de denominación con anterioridade a súa aprobación por parte do Pleno motiva que vaian votar en contra, xa que consideran os ditos anuncios como unha falta de respecto cara ó Pleno, que é como se xa estivera todo decidido antes de toma-lo acordo.

Polo equipo de goberno, o seu voceiro, don Jesús Veiga quere puntualizar que o Concello non fixo ningún anuncio nin nada, que o que saíu na prensa, poríao a empresa pero non o equipo de goberno.

Sometido o ditame a votación, obtense o seguinte resultado:7 votos a favor do PP e ASI – MIÑO, 3 votos en contra do PSOE, 2 abstencións do BNG e TEGA.

Queda aprobado o cambio de denominación da entidade singular de poboación de “COSTA ANÁCARA” a “Costa Miño”, por maioría absoluta.

Non habendo máis asuntos, a Presidencia levanta a sesión ás trece horas e corenta minutos, redactándose a presente acta de todo o cal, eu a secretaria, dou fe.

O presidente en funcións.

A secretaria municipal